

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 3/99.

ID: 677

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE EN FUNCIONS:

Don Emilio Sánchez Coto.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 3/99 para a posible clasificación como veciñais en man común dos montes " DE BAÑOS e DE PALLEIROS ", no concello de MONFORTE DE LEMOS, iniciado por acordo do Xurado coa data do 9 de decembro de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 4 de xaneiro de 1999), iniciouse o expediente número 3/99 (por instancia de DON JOSÉ RODRÍGUEZ DÍAZ e dous veciños máis, con domicilio no lugar de PALLEIROS, parroquia de MARCELLE, concello de MONFORTE DE LEMOS) poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 4 de xaneiro de 1999, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuran incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade

Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 21 de xaneiro de 1999, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes " DE BAÑOS e DE PALLEIROS ", non figuran incluídos no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 5 de febreiro de 1999 (rexistros de saída números 15.304 e 15.309, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de MONFORTE DE LEMOS os documentos seguintes: 1º) certificacións dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificacións de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 10 de febreiro de 1999, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de MONFORTE DE LEMOS, na que se fai constar que os montes " DE BAÑOS e DE PALLEIROS ", tal e como se describen na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figuran inscritos nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 22 de marzo de 1999, comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 22 de marzo de 1999 (rexistro de saída número 36.455, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de MONFORTE DE LEMOS a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

OITAVO: Coa data do 22 de marzo de 1999 (rexistros de saída números 36.456 e 36.459, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de MONFORTE DE LEMOS a iniciación do expediente e remitíronselle

EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertencen os citados montes.

NOVENO: Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 36.461, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ RODRÍGUEZ DÍAZ**, con domicilio en **PALLEIROS**, parroquia de **MARCELLE**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 37.663, do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 24 de marzo de 1999 (registro de saída número 38.718, do día 25 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **MARCELLE**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos montes " **DE BAÑOS e DE PALLEIROS** ", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 31 de marzo de 1999, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (predio 29.483, ó folio 1, do libro 287 do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, tomo 713 do arquivo, anotación letra **A**).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 12 de abril de 1999, recibíuse comunicación da comunidade de veciños dos lugares de **BAÑOS e PALLEIROS**, parroquia de **MARCELLE**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que como vocais-representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos respectivamente:

DON BENIGNO ÁLVAREZ LOPEZ.

DON JOSÉ RODRÍGUEZ DÍAZ.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 22 de abril de 1999, aparece publicado o EDICTO no D.O.G. número 76, páxinas 4.798 e 4.799, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes " DE BAÑOS e DE PALLEIROS " .

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 26 de maio de 1999 (registro de entrada número 99/95.324), recibíuse certificación do concello de MONFORTE DE LEMOS, na que se fai constar que o EDICTO estivo exposto no taboleiro de edictos dese concello durante o prazo de 30 días. (do 27 de marzo ó 5 de maio, ámbolos dous inclusive).

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha reclamación en relación coa posible clasificación dos montes " DE BAÑOS e DE PALLEIROS " , como veciñais en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Os montes " DE BAÑOS e DE PALLEIROS " hai dous anos que están queimados, non observándose neles sinais de aproveitamentos individualizados con anterioridade ou posterioridade ó lume. Estes montes cumpren os requisitos do artigo 1 da citada Lei e polo tanto revisten o carácter de veciñais en man común.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes das seguintes características:

Nomes: " DE BAÑOS e DE PALLEIROS " .
Pertenza: veciños dos lugares de San Pedro de Baños e Palleiros.
Parroquia: Marcelle.
Superficie: 267 hectáreas.
Concello: Monforte de Lemos.

Estremas e descrición do perímetro:

Norte: desde o Alto de Vidual onde concorren cos montes da parroquia de DOADE (Sober), da parroquia de MARCELLE e da parroquia da PENELA, baixan cara ó leste por unha lomba que os divide do monte da parroquia da PENELA ata o camiño da Casa de Vidual, onde está a mouteira que os separa do termo municipal de SOBER.


Leste: desde a Casa de Vidual baixan cara ó sur pola poligonal dos predios particulares e o regueiro de Montefurado que os divide dos montes pertencentes ós lugares de LAMPAZA e VILAR DE MOUROS, na parroquia de DOADE do concello de SOBER, ata chegar ó río Sil.

Sur: dividen co termo municipal de CASTRO CALDELAS (Ourense) baixando cara ó suroeste polo río Sil ata a ponte na estrada de CASTRO CALDELAS a MONFORTE DE LEMOS e seguen cara ó oeste pola poligonal dos predios particulares ata chegar ó monte da parroquia de DOADE (Sober).

Oeste: dividen co monte da parroquia de DOADE (Sober) subindo cara ó norte por unha lomba ó oeste do lugar de PALLEIROS seguindo pola mouteira entre concellos ata o Alto de Vidual.



[Handwritten signature]



[Handwritten signature]

Prov.*	Munic.*	Consuqdad Prop.*	N.* monte
LU	31	0	1

CLAVE DEL MONTE

3.- ESTADO FISICO

Ref.* Indice	
3.1	<p>SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.</p> <p>Estos montes de los lugares de BAÑOS Y PALLEIROS están situados entorno a estos pueblos, cuyos términos, formados por bajadas al rio Sil desde los altos de Vidual, quedan enclavados, practica_{mente} en la parroquia de Doade (Sober), formando la ultima prolongación hacia el SO. del término municipal de Monforte de Lemos.</p> <p>El terreno es muy accidentado, con pendientes bastante fuertes y altitudes comprendidas entre los 200 y 811 m.</p> <p>Los unicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos, aunque a las riberas del S. se llega por la carretera de Castro Calde_{las} a Monforte.</p>
3.2	<p>SUPERFICIE.</p> <p>267 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.</p>

Ref.º Índice	CLAVE DEL MONTE	Prov.º	Munic.º	Cantidad Prop.º	N.º monte
3.3	<p>LINDEROS.</p> <p>Los del término vecinal son:</p> <p>N.- Término y monte de la parroquia de Penela.</p> <p>E.- Términos y montes de Lampaza de la parroquia de Doade del término municipal de Sober.</p> <p>S.- Río Sil, dividiendo con término municipal de Castro Caldelas (Orense).</p> <p>O.- Término y montes de la parroquia de Doade del término municipal de Sober.</p>	LU	31	0	1
3.4	<p>DESCRIPCION DEL PERIMETRO.</p> <p>El perímetro del término vecinal de BAÑOS Y PALLEIROS, comprendiendo los montes, las fincas particulares y los mismos pueblos, se puede describir, empezando por el extremo N. en el Alto de Vidual, donde también concurren los montes de las parroquias de Doade (Sober), Marcelle y Penela. Desde aquí baja hacia el E. dividiendo con esta última según una loma hasta el camino de Casa de Vidual, donde coincide con la mojonera con término municipal de Sober, por la que baja hacia el S. por el Arroyo de Monte Furado dividiendo por el E. con término y montes de Lampaza de la parroquia de Doade (Sober) hasta el mismo río Sil. Por el S. divide con término municipal de Castro Calde-</p>				

Prov.ª	Munic.ª	Cantidad Prop.ª	N.º monte
LU	31	0	1

Ref.ª Judicial

CLAVE DEL MONTE

3.4


las (Orense), bajando por el río Sil hasta el puente de la carretera de Castro Caldelas a Monforte, donde ya empieza a dividir por el O. con término y montes de la parroquia de Doada (Saber), con los que faldea en un corto tramo hacia el O. y después sube de S. a N. según una loma, por el O. del lugar de Palleiros, siguiendo la mojonera entre municipios hasta subir al alto de Vidual, donde se comenzó.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que puedan pertenecer al monte de referencia.

En caso de que esta monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



Término de Sober

Término de Sober

PROV. DE ORENSE

Término de Caldelas

LU 31 0 1



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:


Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **27 de xullo de 2020**, figura o seguinte acordo:




Monte DE BAÑOS E DE PALLEIROS (expediente 3/99), pertencente aos veciños de BAÑOS e PALLEIROS, da parroquia de MARCELLE, no termo municipal de MONFORTE DE LEMOS. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. O 18.02.2019, tivo entrada escrito presentado polo presidente da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que achega. O 04.04.2020 o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo (núm. 2019_9) para o monte DE BAÑOS E DE PALLEIROS, nos termos que no dito informe se describen, quedando cunha superficie de 243,7 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía.

Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		
Plano de: Carpeta: 3/99_2019_9 Revisión de esbozo no monte veciñal en man común de Baños e Palleiros (exp 3/99)		Monte: Baños e Palleiros Pertenza Veciños de San Pedro de Baños e Palleiros Superficie previa 256 ha Superficie revisada 244 ha		Municipio: Monforte de Lemos
Escala: 1:13.000	Plano 2: Monte revisado	Visto e prace O xefe de Servicio de Montes (asinado dixitalmente)		O xefe de área (asinado dixitalmente) Enxeñeiro de Montes
Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89				
 Monte_posterior				

CVE_YRSTBqYuk4
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

